

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE NOVEMBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba o mapa farmacéutico de Galicia, se planifica a autorización de novas oficinas de farmacia e se fixa a delimitación territorial para o seu emprazamento.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a creación da Academia Xacobeá e se aproban os seus estatutos.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e como expediente anticipado de gasto, das obras de adaptación do complexo do antigo Hospital Xeral para futura Cidade da Xustiza de Vigo (fase II), por un importe de licitación de vinte e oito millóns catrocentos noventa e oito mil douscentos vinte euros (28.498.220 euros), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de vinte e cinco millóns novecientos sete mil catrocentos setenta e dous euros con setenta e dous céntimos (25.907.472,72 euros).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto, tramitación ordinaria e anticipada de gasto, do servizo de Soporte técnico especializado e xestión de aplicacións e servizos TIC na Administración de Xustiza de Galicia, por importe de tres millóns cento noventa e un mil oitocentos oito euros (3.191.808 euros), e un valor estimado de seis

millóns trescentos trinta mil oitocentos cincuenta e oito euros con oitenta e catro céntimos (6.330.858,84 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por un importe de trescentos noventa e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (392.535,78 euros).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación do proxecto sectorial do parque empresarial da Laracha (A Coruña).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Fundación Instituto Cameral para la Creación y Desarrollo de la Empresa "INCYDE", para o desenvolvemento dos programas de formación denominados autoemprego e consolidación empresarial dentro do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE) cofinanciado por FSE, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración na dotación de prazas de profesorado universitario en áreas de ciencias da saúde, por un importe de novecentos cincuenta e oito mil douscentos trinta e un euros con noventa céntimos (958.231,90 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Riós para a participación activa do Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós no desenvolvemento dun Programa específico de promoción do cultivo e produción da castaña durante os anos 2017, 2018 e 2019, por importe de cento sesenta e cinco mil novecentos cincuenta e un euros con sesenta e sete céntimos (165.951,67 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o protocolo de colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) e da Fundación Aon España para a asistencia e colaboración en materia de seguros aos damnificados polos incendios.
- Informe sobre o reforzo do servizo de orientadores laborais nas oficinas de emprego, concellos e entidades sen ánimo de lucro.
- Informe sobre a resolución das axudas do programa Aprot Rural.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a situación do programa de investimento en escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a xestión da convocatoria de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción locais do sector pesqueiro (GALP).

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O NOVO MAPA FARMACÉUTICO

- *O decreto establece a necesidade da apertura de 41 novas farmacias: sete en zonas urbanas, 14 en áreas semiurbanas, e outras 20 en áreas rurais*
- *Dende o último mapa de hai quince anos, o marco normativo, a modificación das cifras poboacionais, a apertura de novos establecementos sanitarios e oficinas de farmacia teñen mudado significativamente e cómpre telos en conta para garantir unha atención farmacéutica axeitada na nosa comunidade*
- *Tras a entrada en vigor deste decreto coa súa publicación no DOG, iniciarase o procedemento de adxudicación das novas oficinas de farmacia a través de concurso*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto do mapa farmacéutico de Galicia, que tamén planifica a autorización de novas oficinas de farmacias e fixa a delimitación territorial para a súa localización. O novo mapa determina a necesidade da apertura de 41 novas oficinas de farmacia para garantir unha atención axeitada na nosa comunidade: sete en concellos urbanos, 14 en concellos semiurbanos e 20 en concellos rurais. Distribuídas por provincias, corresponden 23 á Coruña, 4 a Lugo, 5 a Ourense e 9 a Pontevedra.

Desta forma, no anexo do decreto, detállase que sete das novas oficinas están situadas en zonas urbanas (unha en Arteixo, outra en Oleiros, dúas en Narón e tres en Ames). Outras 14 están en áreas semiurbanas: dúas en Cambre, tres en Culleredo, e unha en Sada, Verín, Poio, Ribeira, Teo, Baiona, Cangas, Moaña, e Pontearreas. As 20 novas farmacias restantes irán a zonas rurais que por poboación precisan estes establecementos: Carral, Cee, Ponteceso, Vilasantar, Ares, Brión, A Pobra do Caramiñal, Val do Dubra e Silleda, Burela, Ribadeo, Negueira de Muñiz, Friol, Barro, O Rosal, Salceda de Caselas, Allariz, Esgos e dúas no Pereiro de Aguiar.

A modificación das cifras poboacionais do padrón de habitantes, a apertura de novos establecementos sanitarios e oficinas de farmacia teñen mudado significativamente dende o mapa vixente, de hai quince anos (regulado polo Decreto 278/2002, do 12 de setembro) e que quedará derogado coa actual normativa.

Con este decreto, Sanidade mellora as condicións de acceso da poboación á atención farmacéutica, ao tempo que garante que no nivel asistencial de atención primaria a cidadanía dispoña do número necesario de farmacias cun acceso rápido, oportuno e equitativo. Tamén contribúe a garantir o dereito de libre elección de oficina de farmacia por parte da cidadanía, na medida en que se mellora a oferta e se adecúa ás circunstancias poboacionais existentes na actualidade, así como a recibir a atención farmacéutica que se precise coa maior inmediatez e proximidade.

Tras a entrada en vigor deste decreto coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a aprobación da reforma do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, o seguinte paso será iniciar o procedemento de adxudicación. A adxudicación realizarase a través de concurso público das novas oficinas de farmacia coa convocatoria a un acto público ao que están chamados a concorrer todos os participantes, e no que cada un deles se presentará a todas as oficinas convocadas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CREACIÓN DA ACADEMIA XACOBEO E OS SEUS ESTATUTOS

- *O seu obxectivo é fomentar e coordinar o estudo e divulgación do fenómeno Xacobeo en todas as súas vertentes*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de acordo a través do que se crea a Academia Xacobeo e se aproban os seus estatutos.

A Academia comeza a súa xestión a finais do ano 2015 coa finalidade de fomentar e coordinar o estudo e divulgación do fenómeno xacobeo en todas as súas vertentes. Por iso, nos seus fins establécese que promoverá a investigación do Camiño de Santiago, así como tamén difundirá os valores universais que lle son propios, sempre actuando dentro dos principios de lealdade e colaboración con outros órganos con competencias na materia.

Así, entre outras actividades, encargarase de organizar reunións, simposios, foros e xornadas; promover publicacións; crear premios, bolsas e distincións; establecer relacións de reciprocidade con entidades con fins análogos; subscribir convenios ou acordos de colaboración co entidades do ámbito universitario ou investigador; e promover o mecenado do sector privado para a realización de actividades da Academia.

O organismo -que terá como ámbito de actuación a comunidade galega, con domicilio en Santiago de Compostela- estará integrada por un máximo de trinta académicos de número e académicos correspondentes; así como dos académicos de honra que se designen.

A Academia quedará adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e está suxeita ao principio de transparencia na súa xestión, e por iso, elevará anualmente unha memoria coa información relativa á xestión económica, ou acordos subscritos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DA CIDADE DA XUSTIZA DE VIGO

- *O contrato da obra ascende a 28,5 millóns e prevé un prazo de execución de 21 meses*
- *Concentrará nun mesmo lugar todas as unidades xudiciais existentes na cidade, que ascenden a 35, e reserva espazo para acoller 22 máis*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proceso de contratación da segunda fase das obras da Cidade da Xustiza de Vigo. Trátase dunha obra que permitirá adaptar o antigo complexo do hospital Xeral-Cíes para convertelo nun moderno edificio que albergará 35 unidades xudiciais. O contrato ascende a 28,5 millóns de euros e prevé un prazo de execución de 21 meses.

O orzamento total desta segunda fase é de 29,1 millóns despois de incluír o resto de contratacións asociadas (dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde). 12,2 están orzados na anualidade de 2018 e 16,9 na de 2019.

Desde o mes de xullo está en execución a primeira fase do proxecto, que consistía na demolición dos elementos non aproveitables do vello hospital e prevese que finalice no mes de febreiro, xa que a aparición de amianto obrigou a modificar lixeiramente as previsións iniciais. Esta demolición comporta baleirados interiores, desmontaxe do recubrimento de fachadas, demolición do edificio curvo e de parte do anexo I e ten unha característica singular debido á modélica xestión de materiais xurdidos da demolición pero que son reciclables e aproveitables.

As obras da segunda fase está previsto que se inicien en abril de 2018. O resultado será unha Cidade da Xustiza que concentrará nun mesmo edificio todas as dotacións xudiciais da cidade (un total de 35), pero que reservará espazo para albergar 22 unidades máis no momento en que sexa necesario debido ao crecemento do partido xudicial de Vigo. En total trasladaranse case 500 traballadores.

O proxecto terá como resultado un edificio moderno e dotado dos sistemas máis avanzados, ademais da comodidade que supón para empregados e usuarios que nun mesmo complexo se atopen as diferentes instancias xudiciais que poidan intervenir nos diferentes procedementos.

Esta actuación enmárcase no Plan de infraestruturas xudiciais posto en marcha pola Xunta e dotado con preto de 100 millóns de euros, que permite levar a cabo actuacións fundamentais e moi necesarias nas grandes sedes xudiciais galegas. O Plan de infraestruturas xudiciais representa ademais unha aposta pola colaboración entre administracións, xa que son os concellos os que poñen á disposición da Administración

de xustiza os terreos ou edificios e a Xunta a que se encarga de construír as infraestruturas.

A XUNTA LICITARÁ EN 2018 O SERVIZO DE SOPORTE TÉCNICO ESPECIALIZADO PARA OS MÁIS DE 3.700 PROFESIONAIS DA ADMINISTRACIÓN DA XUSTIZA

- *Xestionará o mantemento dos máis de 40 sistemas existentes así como a implantación de novos servizos derivados do proceso de dixitalización*
- *Ofrecerá atención centralizada e ininterrompida aos 260 órganos xudiciais, ás 12 fiscalías, aos 45 rexistros civís, aos 270 xulgados de paz e ás 7 subdireccións territoriais do Imelga, que integran a Administración de xustiza*
- *Considera a prestación de soporte in situ con persoal desprazado en sedes xudiciais e profesionais especializados para a formación no uso das novas ferramentas*
- *Enmárcase no Plan Senda 2020 para a dixitalización da xustiza en Galicia*

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a contratación do servizo de soporte especializado para a atención directa aos máis de 3.700 profesionais da Administración de xustiza en Galicia. Este servizo, que ampliará e reforzará o existente, proporciona un único punto de interlocución tanto para as consultas e incidencias detectadas polos usuarios, como para a xestión e o control dos máis de 40 sistemas de información, aplicacións e servizos dixitais que empregan os profesionais do ámbito xudicial autonómico.

A prestación deste servizo enmárcase no proceso de dixitalización que se está a levar a cabo na Administración de xustiza en Galicia, que ten en marcha os sistemas e aplicacións que compoñen o Expediente Xudicial Electrónico, cuxas funcionalidades se ampliarán no marco do Plan senda 2020. O incremento progresivo de sistemas e servizos dixitais, xunto coa renovación continua de equipamento, a modificación de estruturas xudiciais ou a incorporación de novos órganos, determinan a importancia deste servizo de soporte.

Soporte a usuarios e xestión dos sistemas

O contrato autorizado hoxe ofrece aos profesionais do ámbito xudicial un servizo de atención as 24 horas do día os 7 días da semana a través do Centro de Servizo aos Usuarios (CSU). O CSU é o interlocutor único desde onde se xestionarán as consultas e incidencias dos 260 órganos xudiciais, das 12 fiscalías, dos 45 rexistros civís, dos 270 xulgados de paz e das 7 subdireccións territoriais do Imelga, que integran a Administración de xustiza en Galicia.

Ademais, o novo contrato establece a prestación dun soporte *in situ* con persoal desprazado en sedes xudiciais para prestar asistencia técnica. Os adxudicatarios do servizo deberán dispoñer tamén de persoal cualificado e especializado para apoiar as

tarefas formativas, promovidas pola Amtega nos procesos de implantación de novos sistemas e aplicacións.

Outra das obrigas do servizo é a relativa á implantación e mantemento dos sistemas e medios tecnolóxicos cos que xa conta o eido xudicial, así como a coordinación cos equipos técnicos doutros provedores para consolidar o proceso de dixitalización.

O contrato determina, tamén, que o adxudicatario do servizo participará no proceso de instalación e configuración dos distintos medios audiovisuais existentes, como os 90 equipos de videoconferencia e os 170 equipos de gravación de vistas; na xestión dos preto de 4.000 equipos de posto de traballo e na definición de plans de mellora do servizo.

Investimento

O valor estimado do contrato é de 6,3 millóns de euros considerando posibles ampliacións e prórrogas. Este investimento enmárcase no Plan Senda 2020 para a dixitalización da xustiza, que permitirá que este ano o 90% das salas de vistas dispoñan de sistema de gravación con sinatura dixital e que todos os partidos xudiciais conten con videoconferencia. No que levamos de ano estes sistemas gravaron máis de 68.400 vistas e rexistraron máis de 6.000 videoconferencias.

Ademais, entre as melloras previstas grazas ao investimento de 4,9 millóns de euros autorizado polo Goberno galego o pasado mes de agosto, dotarase ao visor do expediente xudicial dun potente buscador e novas funcionalidades, que facilitará o labor en mobilidade de xuíces e fiscais. Entre xaneiro e outubro realizáronse máis de 22.200 consultas a través de visor. Ademais, habilitarase a través da sede electrónica xudicial o acceso á documentación aos expedientes xudiciais en formatos electrónicos e a descarga das vistas dos xuízos.

Dotaranse as oficinas de Atención á Vítima e á Cidadanía dun novo sistema de información e mellorarase o repositorio unificado xudicial, no que se actualiza diariamente a información dos distintos expedientes xudiciais, xerada en cada sede xudicial. Esta base de datos documental é a pedra angular da que se serven as novas aplicacións e servizos dixitais (o visor, a sede, o portal de xustiza...) Está consolidado consolidado no 100% e dispón xa de 6 millóns de documentos dixitais.

AUGAS DE GALICIA DESTINARÁ MÁIS DE 390.000 EUROS, PROCEDENTES DA EXPLOTACIÓN DA PRESA DO UMIA, AOS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS LOCAIS

- *O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais*
- *A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios, resultando a cada concello 130.000 euros*
- *A presa, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña co fin de dar cumprimento á concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas.

Augas de Galicia destinará unha cantidade máxima de 392.535,78 euros para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2017 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña. A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios, resultando a cada concello un total de 130.845,26 euros.

Este convenio establece as bases que rexerán a cooperación técnica e económica entre as citadas administracións respecto das cantidades do canon pola explotación do aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, que se destina a estes concellos para o financiamento de obras ou accións de carácter educativo, cultural e social.

O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais.

Cómpre lembrar que Augas de Galicia promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia, procedendo a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do 1997. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao que se suxeitaba a concesión do aproveitamento, no que se prevía que Augas de Galicia destinaría unha cantidade anual para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e asistencia social para realizar nos concellos de Caldas de

Reis, Cuntis e Moraña, que se materializarían a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.

A presa de Caldas, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións.

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DA LARACHA SOLICITADA POLO CONCELLO

- ***A modificación consiste nun cambio das ordenanzas do polígono, en relación coa zonificación e a regulación de usos do solo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente a modificación do proxecto sectorial do parque empresarial da Laracha, un trámite realizado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo a solicitude do Concello.

O parque empresarial da Laracha é propiedade da empresa pública *Suelo Empresarial del Atlántico* (SEA,S.L.), unha entidade maioritariamente estatal e participada nun 15% pola Xunta de Galicia. A modificación do proxecto sectorial foi tramitada pola Administración autonómica coa conformidade de SEA.

A modificación que hoxe obtivo o visto e prace definitivo do Consello consiste nun cambio das ordenanzas do dito parque, fundamentalmente no referido á zonificación e regulación de usos do solo.

A solicitude de modificación solicitada polo Concello da Laracha ten por finalidade facilitar o desenvolvemento dun importante proxecto empresarial nese polígono por parte unha multinacional do sector téxtil que adquiriu superficie no mesmo.

A XUNTA OFRECERÁ ASESORAMENTO PERSONALIZADO ÁS EMPRESAS AFECTADAS POLOS INCENDIOS PARA RECUPERAR A SÚA ACTIVIDADE E TRAMITAR OS DANOS COAS ASEGURADORAS

- *O Goberno galego, a través dun convenio de colaboración entre o Igape e a Fundación Incyde, apoiará doce accións formativas, para facilitar a continuidade dos negocios afectados e para promover a xeración de novas actividades económicas cun programa de emprendemento e formación especializada*
- *As dúas primeiras iniciativas arrancarán de inmediato nos concellos das Neves (Pontevedra) e Leiro (Ourense) e as dez restantes levaranse a cabo en 2018*
- *Asinarase, doutra banda, un acordo entre o Instituto Galego de Consumo e da Competencia e a Fundación Aon España para prestar asistencia técnica nas reclamacións ás compañías de seguros*
- *A Xunta complementa así as liñas de apoio xa aprobadas polo Consello da Xunta, dotadas con 3 millóns de euros en axudas para financiar obras de recuperación ou reconstrución de establecementos*

A Xunta vén de aprobar dúas novas medidas para apoiar os afectados pola vaga de lumes que tivo lugar o pasado mes de outubro. Apoiará, a través dun convenio de colaboración entre o Igape e a Fundación Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa (Incyde), a recuperación das empresas afectadas ou a xeración de novas actividades económicas cun programa de emprendemento e de formación especializada e, doutro lado, prestará asesoramento técnico aos damnificados para tramitar os danos ante as aseguradoras, por medio dun protocolo que asinará o Instituto Galego de Consumo e da Competencia (IGCC) e a Fundación Aon España.

A nova iniciativa do Igape en colaboración con Incyde ten como obxectivo dar un novo impulso á actividade económica e empresarial nas zonas afectadas polos incendios. Búscase apoiar os negocios afectados e promover, ao mesmo tempo, a xeración de novas actividades empresariais. Acadaranse estes obxectivos mediante o desenvolvemento de 12 accións formativas nos concellos afectados pola vaga de lumes -das que as dúas primeiras arrancarán este ano nas Neves (Pontevedra) e Leiro (Ourense) e as outras dez desenvolveranse en 2018-, que incluírá plans de diagnose e programas de asesoramento.

As accións formativas constarán de dous módulos cofinanciados polo Fondo Social Europeo (FSE) a través da Fundación Incyde: por un lado, de autoemprego, para a creación de novas iniciativas empresariais; e polo outro, de consolidación empresarial, para a recuperación e continuidade dos negocios afectados polos lumes.

Mediante o emprendemento e autoemprego proporcionarase unha visión global das distintas áreas funcionais da empresa e poderanse determinar oportunidades de

mercado e desenvolvemento do plan empresarial, sempre coa axuda de ferramentas de xestión para favorecer a súa posta en marcha.

Así mesmo, co desenvolvemento dun plan de diagnose e de accións para pequenas e medianas empresas, as pemes afectadas coñecerán as habilidades e os recursos necesarios para definir unha estratexia competitiva clara e completa, para promover a mellora das oportunidades de negocio para os emprendedores, os autónomos e as pemes e para facilitar a mellora competitiva de negocios afectados, poñendo especial énfase en novas técnicas de comercialización de produtos e servizos.

Do que se trata, en definitiva, é de facilitar aos emprendedores e empresas afectados un asesoramento especializado e áxil para retomar a súa actividade ou iniciar outra.

Reclamacións ás aseguradoras

O Consello da Xunta, doutra banda, tamén autorizou a sinatura dun protocolo de colaboración entre o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e a Fundación Aon España para dar asistencia técnica en materia de seguros aos damnificados, e que empezará a desenvolverse nos próximos días. Deste xeito, prestarase ás persoas que o precisen a colaboración necesaria para presentar e tramitar coas súas compañías de seguro as reclamacións que consideren oportunas co obxectivo de facer efectivas as indemnizacións polos danos ocasionados polos incendios. Aon, en coordinación coa Xunta, e, a través do seu Observatorio de Grandes Catástrofes, prestará esta axuda.

Estas dúas novas medidas súmanse ás que xa puxo en marcha a Xunta para dar resposta ás consecuencias da vaga de incendios que Galicia rexistrou a mediados de outubro. A Administración autonómica aprobou, pola vía de urxencia, programas de axudas por case 21 millóns de euros, ampliables, para prestar apoio a todos os afectados, tanto empresas como familias afectadas. Destacan as axudas por valor de 3 millóns de euros, activadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, para financiar obras de reconstrución e recuperación de establecementos comerciais, mercantís ou industriais afectados polos incendios.

A este paquete de medidas engádense as liñas de financiamento para promover a reactivación das empresas e negocios afectados pola vaga de lumes e para promover novas vías de emprendemento sobre o territorio que dinamicen a actividade empresarial nas zonas afectadas.

Así mesmo, a Xunta puxo á disposición dos afectados o teléfono gratuíto 900815400 no que se informa sobre as axudas que xa están publicas no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, entre as que destacan indemnizacións ás vítimas, apoio aos concellos, rexeneración da natureza, recuperacións dos terreos cinexeticamente ordenados (Tecor), da rede viaria e vivendas, apoios ás explotacións, reparación de naves e

tendas e axudas a establecementos turísticos e deportivos. Ata a data, o teléfono recibiu preto de 400 consultas.

O SERGAS DESTINA PRETO DUN MILLÓN DE EUROS PARA DOTAR 12 PRAZAS DE PROFESOR UNIVERSITARIO EN ÁREAS DE CIENCIAS DA SAÚDE CON CAPACIDADE DOCENTE E INVESTIGADORA

- *Para tal efecto, asina un acordo de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta acaba de autorizar a sinatura dun acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a dotación de 12 prazas de profesor universitario en áreas de Ciencias da Saúde. Para tal efecto, o departamento que dirixe Jesús Vázquez Almuiña destinará, no período 2017-2020, un total de 958.231 euros. Con esta iniciativa, tanto o Servizo Galego de Saúde como a USC, teñen como estratexia conxunta potenciar a calidade na busca da mellora da excelencia do ensino práctico para as disciplinas integradas no eido das ciencias da saúde, non só pola especificidade destas, senón pola necesidade de que esta formación se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario público.

Mediante este acordo, establécese a colaboración entre a USC e o Sergas para o financiamento e dotación de prazas de persoal docente e investigador naquelas áreas ou servizos que, na actualidade, carecen destes recursos por mor das xubilacións producidas dende o ano 2010, e que corresponden ás áreas de ciencias da saúde. Incrementábase así o número de efectivos de persoal con plena capacidade docente e investigadora.

No exercicio orzamentario de 2021, a Universidade de Santiago financiará os seus propios recursos estruturais as 12 prazas de profesor titular ou profesor contratado.

A Universidade de Santiago realizará a correspondente convocatoria de concurso público para a cobertura das 12 prazas de profesor en áreas de coñecemento onde existe unha maior necesidade docente derivada das xubilacións de persoal vinculado. Estas prazas son: 6 de profesor asociado na área de Medicina (Neuroloxía, Neumoloxía, Dixestivo, Medicina Interna, Reumatoloxía e Alergoloxía); 4 prazas de profesor asociado na área de Pediatría; unha praza de profesor asociado na área de Cirurxía (Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía) e unha praza de profesor asociado na área de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

Con esta medida, danse novos pasos para seguir avanzando na colaboración entre as universidades e as institucións sanitarias nas que se deben impartir ensinanzas universitarias, para os efectos de garantir a mellor docencia práctica de medicina, a enfermería e outras ensinanzas que así o requiran para outorgar ao alumnado a mellor formación posible.

MEDIO RURAL E O CONCELLO DE RIÓS COLABORARÁN NA PROMOCIÓN DA CASTAÑA PARA CONSOLIDAR ESTA ACTIVIDADE COMO UNHA ALTERNATIVA ECONÓMICA NO AGRO

- *Mediante un convenio dotarán o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de técnicos especialistas para resolver as dúbidas que teñan os silvicultores e produtores en todo o referente á produción de castaña, tanto na plantación, cultivo e comercialización como na tramitación de axudas ou licenzas*
- *A provincia de Ourense concentra o 75% da produción deste froito en Galicia, polo que é preciso reforzar este sector para manter a poboación destas áreas e dinamizar postos de traballos e rendas*

O Consello da Xunta veu de dar o seu visto e praxe a un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Riós para desenvolver un programa específico de promoción do cultivo e a produción de castaña durante os anos 2017, 2018 e 2019 no Centro de Desenvolvemento Agroforestal que ten este municipio ourensán.

A Administración galega é consciente de que a produción de castaña é un sector importante para o rural da provincia de Ourense, posto que concentra o 75% da produción deste froito na nosa comunidade e fai de Galicia unha potencia a nivel estatal. Coa intención de desenvolver o sector primario nesta zona, con especial fincapé na produción de castaña, a Consellería do Medio Rural e o concello de Riós asinarán nos vindeiros días un convenio para dotar o Centro de Desenvolvemento Agroforestal de técnicos especialistas para resolver as dúbidas que teñan os silvicultores e produtores en todo o referente á produción de castaña, tanto na plantación, cultivo e comercialización como na tramitación de axudas ou licenzas.

Así mesmo, vaise potenciar unha formación profesionalizada entre este sector, mediante cursos e xornadas de formación que estarán dirixidas especialmente a produtores en activo, persoas que pretendan iniciar unha actividade agraria e desempregados na busca dunha incorporación ao mercado laboral por conta allea en empresas do sector primario.

Deste xeito daráselle un impulso a esta actividade, que se consolida como alternativa económica no agro galego e que permite manter a poboación destas áreas e poñer en valor postos de traballos e rendas.

Zona produtora

Este centro de Riós dá servizo á comarca de Conso-Frieiras e á zona de Monterrei, aínda que con este convenio se pretende reforzar toda a provincia de Ourense. Dende alí aténdese os produtores de castañas en todas as súas necesidades e lévase a cabo

unha vixilancia exhaustiva dos soutos por se fose necesaria a realización de accións de loita contra posibles doenzas.

Cómpre salientar que nesta zona a produción se eleva a unhas 10.000 toneladas de castañas, que correspondería aos concellos de Monterrei, Vilardevós, Castrelo do Val, Laza, Riós, A Mezquita, A Gudiña, Cualedro, Oímbra e Verín. En termos económicos estamos a falar de máis de 10.000 persoas produtoras cunha facturación duns 12 millóns de euros.

A XUNTA CONTRATA A PRETO DE 400 TÉCNICOS PARA REFORZAR O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL E MELLORAR AS OPORTUNIDADES DOS DESEMPREGADOS

- *A Xunta destina a este reto 10,5 millóns de euros, dos que 4,6 millóns se adican á contratación de 130 novos técnicos que prestarán especial atención aos parados de longa duración en 53 oficinas de emprego*
- *Inviste 5,9 millóns en axudas para empregar ou renovar a 103 orientadores en 89 concellos e 152 en 32 entidades sen ánimo de lucro*
- *Galicia contará, deste xeito, cunha rede de profesionais que aglutina máis de 500 traballadores especializados en accións para incrementar a empregabilidade das persoas sen emprego e, sobre todo, aos colectivos con especiais dificultades de inserción*
- *As persoas que buscan un traballo reciben información sobre o mercado, sobre formación profesional e obteñen un itinerario personalizado para a súa inserción laboral*
- *O servizo tamén está enfocado ás empresas, xa que os orientadores contactan coas firmas para difundir as súas iniciativas e coñecer as necesidades do sector*
- *Esta actuación enmárcase na Axenda 20 para o emprego que inclúe, entre os seus obxectivos principais, un novo modelo de orientación aberta achegando o servizo ás persoas demandantes de emprego e ao tecido empresarial*

A Xunta inviste 10,5 millóns de euros en reforzar o servizo galego de orientación laboral a través da contratación de 385 técnicos que axudarán as persoas sen emprego a mellorar as súas oportunidades laborais, co obxectivo de que poidan insertarse no mercado de traballo o antes posible e nunhas condicións axeitadas ao seu perfil profesional.

O Goberno galego, por unha banda, contratará cun orzamento de 4,6 millóns de euros a 130 novos profesionais que traballarán en 53 oficinas de emprego para prestar especial atención aos parados de longa duración. É unha medida que forma parte do reforzo que a Consellería de Economía, Emprego e Industria está acometendo no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Estes 130 novos profesionais, que se suman aos 138 que xa traballan nas oficinas de emprego, incorporaranse proximamente o seu novo labor unha vez que rematen a formación específica, tanto teórica como práctica, que recibirán a partir da semana que vén no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG).

Doutra banda, a Administración autonómica acaba de resolver as axudas destinadas a concellos e entidades sen ánimo de lucro para a contratación ou renovación de orientadores laborais. Deste xeito, a Xunta apoia con máis de 2,4 millóns de euros a

contratación de 103 técnicos en 89 concellos e destina 3,5 millóns para 152 orientadores en 32 entidades sen ánimo de lucro.

En total, o servizo de orientación laboral de Galicia está composto por máis de 520 técnicos que actúan como tiores personalizados de cada persoa desempregada. Desenvolven, entre outras funcións, entrevistas persoais, elaboran perfís individualizados coa identificación de oportunidades profesionais e realizan un seguimento de cada persoa.

Os orientadores facilítanlles ás persoas desempregadas información actualizada sobre o mercado de traballo, sobre accións de formación profesional para o emprego e o proceso de recoñecemento da experiencia laboral coas que poden mellorar a súa cualificación. Así mesmo, elaboran diagnoses individualizadas sobre o perfil e necesidades dos desempregados, que obteñen un itinerario personalizado de emprego para a súa posterior inserción laboral.

O servizo tamén está enfocado ás empresas, xa que os traballadores desta rede especializada na orientación contactan coas firmas para difundir as súas iniciativas e realizar unha prospección das súas necesidades, ao tempo que lles informan sobre os diferentes incentivos cos que conta a Administración autonómica para a contratación.

O Goberno galego pretende con esta actuación incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, prestando especial atención aos colectivos con dificultades de inserción a través de accións de atención constante e especializada en orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego.

Orientación aberta

Esta iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria enmárcase na Axenda 20 coa que se está a impulsar a calidade e estabilidade no mercado laboral ata 2020. Preténdese poñer en marcha, entre outras medidas, un novo modelo de orientación aberta, achegando o servizo aos usuarios e combinando accións presenciais e *online*; ademais de potenciar a atención a empresas tanto desde as oficinas de emprego como nas de apoio á empresa, orientándoas a servizos, pemes e emprendedoras.

Así mesmo, a Xunta quere afondar na formación continua do persoal técnico propio do Servizo Público de Emprego de Galicia, así como o dos centros colaboradores e demais persoal de apoio ao emprego e o emprendemento, desenvolvendo un currículo específico e especializado en relación aos servizos que se prestan.

A XUNTA FOMENTA O EMPREGO NO RURAL COA CONTRATACIÓN DE 425 PERSOAS EN 219 CONCELLOS DE MENOS DE 10.000 HABITANTES

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de resolver o programa Aprol Rural co que con 5 millóns de euros se incentiva durante 9 meses a tempo completo a contratación de desempregados para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social*
- *O principal obxectivo desta actuación, que se desenvolve por segundo ano consecutivo, é aumentar as oportunidades laborais no rural*
- *A Administración autonómica financia o 100% dos custos salariais totais con contías que, segundo o grupo de cotización, poderán alcanzar os 20.250 euros*
- *Esta iniciativa integrouse no programa Formación e emprendemento no rural que se activou por primeira vez este ano con 30 millóns de euros para fixar poboación no campo galego*

O Goberno galego apoiará con 5 millóns de euros a contratación de 425 persoas sen emprego en 219 concellos do rural con menos de 10.000 habitantes. A Consellería de Economía, Emprego e Industria acaba de resolver as axudas do programa Aprol Rural, das que se informa hoxe no Consello da Xunta. A actuación, que se desenvolve por segundo ano consecutivo, ten como principal obxectivo incrementar e mellorar as oportunidades laborais do rural e dar un impulso aos traballadores das zonas menos poboadas de Galicia.

As axudas do Goberno autonómico presentan como principais novidades este ano que o tempo de contratación das persoas sen emprego a tempo completo será por 9 meses, fronte aos 6 da primeira edición; e que se financiará o 100% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, cando na anterior convocatoria chegaba ata o 80%. As contías por cada traballador contratado poderán alcanzar os 20.250 euros, segundo o grupo de cotización do que se trate. Os traballadores e traballadoras que agora contraten os concellos deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Aprol Rural integrouse no programa Formación e emprendemento no rural que este ano activou a Consellería de Economía, Emprego e Industria con 30 millóns para fixar poboación nas zonas menos habitadas de Galicia. A iniciativa busca incentivar a contratación nestas localidades, incrementar a oferta formativa no rural adaptada á demanda das empresas e aumentar os niveis de emprendemento e de creación de empresas con medidas xa postas en marcha como Formación á porta ou a liña de axudas Galicia Emprende Rural.

A iniciativa sigue as directrices fixadas na Axenda 20 para o Emprego coa que se está a impulsar a calidade e estabilidade no mercado laboral. A folla de ruta do Goberno

galego en materia laboral pretende a creación de polo menos 80.000 novos empregos e reducir a taxa de paro ata o 10% no ano 2020.

A XUNTA INVISTE 6,2 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DAS ESCOLAS INFANTÍS DE 0 A 3 ANOS PARA GARANTIR O BENESTAR DOS NENOS E NENAS GALEGOS

- *A Consellería de Política Social impulsou en 2016 e 2017 diferentes ordes para a adecuación destes recursos tanto de titularidade autonómica, municipal ou das entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro*
- *Foron subvencionables as obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas ademais de novas obras de escasa contía; a adquisición do equipamento do centro e a dotación de conexión á internet e a compra de dispositivos*
- *Este programa de investimento forma parte da área de conciliación do PAN, un programa global que persegue dar resposta ás necesidades das nais e dos pais galegos, garantir o benestar das familias e apoialas dun xeito integral e continuo*

A Consellería de Política Social deu conta no Consello da Xunta celebrado esta mañá da situación do programa de investimento en escolas infantís de 0 a 3 anos e dos Puntos de atención á infancia (PAI), a través do cal nos dous últimos anos se investiron 6.237.856,27 de euros para a mellora e adecuación destes recursos de atención aos máis pequenos.

No que respecta ás escolas infantís da rede Galiña Azul, a Administración autonómica investiu un total de 3,1 millóns de euros en 2016 e 2017 para a execución de obras de reparación e para a reforma e equipamento das instalacións. Esta suma permitiu a actuación en 120 escolas. Cómpre lembrar que o número de prazas en escolas infantís que dependen da Xunta ou nas que participa a Administración autonómica neste curso 2017-2018 ascende a un total de 22.439, o que supón un incremento de 123 prazas con respecto ao curso pasado.

Por outra banda, a Xunta puxo en marcha, por segundo ano consecutivo, a orde de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís de 0 a 3 anos e dos PAI dependentes das corporacións locais. Esta medida responde ao compromiso da Administración autonómica de impulsar a colaboración interadministrativa cos concellos e á necesidade de garantir as óptimas condicións de uso destes recursos locais.

Deste xeito, foron subvencionables as obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas, ademais de novas obras de escasa contía; a adquisición do equipamento do centro e a dotación de conexión á internet e a compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula. Esta liña de financiamento contou cun orzamento de 2,5 millóns de euros para os anos 2016 e 2017, unha cantidade grazas á cal se puideron beneficiar 136 escolas.

Así mesmo, a Xunta tamén colabora coas entidades privadas de iniciativa social sen ánimo de lucro que xestionan escolas infantís de 0 a 3 anos, a través dunha orde pioneira para a concesión de axudas para a mellora destas infraestruturas. Esta medida vén recoñecer o papel fundamental que estas entidades xogan na actual rede galega de centros de educación infantil e dá conta do compromiso da Administración autonómica na mellora da calidade das infraestruturas e equipamentos da dita rede. Os gastos subvencionables foron os mesmos que os estipulados na orde para as entidades locais e a contía máxima por cada entidade é de 25.000 euros. Esta convocatoria estivo dotada con 600.000 euros mediante a cal se beneficiaron 36 escolas.

A atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia. Froito deste compromiso, Galicia supera en cinco puntos a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos, situándose na actualidade no 38%. Así mesmo, todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas nesta franxa de idade contan cunha praza pública ou sostida con fondos públicos, polo que, ademais, non existe lista de agarda.

Programa de apoio á natalidade (PAN)

Todas estas medidas forman parte da área de conciliación do PAN, un programa global que persegue dar resposta ás necesidades das nais e dos pais galegos, garantir o benestar das familias e apoialas dun xeito integral e continuo.

O PAN recolle tres grandes áreas de actuación: PAN- Axudas, PAN- Servizos e PAN- Concilia. Esta última está dirixida ao desenvolvemento dos mecanismos precisos para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade na vida familiar e laboral e a mellorar a oferta de recursos e servizos para que respondan ás expectativas e necesidades dos pais e nais e, ao mesmo tempo, contribúan ao desenvolvemento afectivo, psicolóxico e físico das e dos menores.

MAR SUBVENCIONA MÁIS DE 100 PROXECTOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO QUE PREVÉN CREAR PRETO DE 80 EMPREGOS DIRECTOS

- *O Consello da Xunta analizou un informe sobre a tramitación das axudas aprobadas na primeira convocatoria de 2017 para proxectos destes grupos*
- *Estas iniciativas teñen, entre os seus obxectivos, o aumento do valor en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, así como a creación de emprego e o apoio á diversificación do sector da pesca comercial*
- *Entre as iniciativas subvencionadas están o de depuración, etiquetaxe e venda dos moluscos bivalvos da zona Mariña-Ortegal, un obradoiro para a reciclaxe de redes e residuos do mar e un centro de procesamento de produtos do mar*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre tramitación das axudas aprobadas na primeira convocatoria de 2017 para proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Ao abeiro desta primeira convocatoria, a Consellería do Mar subvenciona 109 proxectos por un valor de máis de 7,4 millóns de euros. Unhas iniciativas a través das que, segundo sinala o informe, se prevé crear preto de 80 postos de traballo directos.

O informe reflicte que, do total dos proxectos aprobados, 66 son produtivos, é dicir, iniciativas de orientación empresarial ou profesional, cun importe de subvención de máis de 5,3 millóns de euros. A maioría destas iniciativas teñen como obxectivo o aumento do valor en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura, así como a creación de emprego e o apoio á diversificación dentro ou fóra do sector da pesca comercial, fomentando iniciativas en sectores alternativos como o ocio, os deportes náuticos, a gastronomía e o turismo mariñeiro.

Os 43 proxectos restantes son non produtivos, é dicir, aqueles que non supoñen o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica, cun valor total de axuda concedida de máis de 2 millóns de euros. O informe reflicte que estas iniciativas se centran na promoción do territorio, conservación e restauración do patrimonio material e inmaterial e tamén hai actuacións relacionadas co ambiente natural costeiro.

Distribución por grupos

En canto á distribución por grupos, o informe sinala que 24 dos proxectos aprobados corresponden ao GALP 1 Mariña-Ortegal, cun importe total de subvención de preto de 1,5 millóns de euros. O GALP 2 Golfo Ártabro Norte conta con 13 proxectos aprobados nesta primeira convocatoria de 2017 con axudas por valor de máis de 474.400 euros; o GALP 3 Costa da Morte ten 5 proxectos aprobados, con axudas por valor de máis de 638.500 euros e o GALP 4 seo de Fisterra ría de Muros e Noia costa

sustentable dispón de 14 iniciativas aprobadas por valor de máis de 1,3 millóns de euros en axudas.

Ademais, o GALP 5 ría de Arousa ten 20 iniciativas aprobadas con axuda por valor total de máis de 972.200 euros e o da ría de Pontevedra conta con 17 proxectos aprobados cun importe subvencionado de máis de 1,2 millóns de euros. Outros nove proxectos con valor económico de axuda de máis de 479.000 euros correspóndense co GALP 7 ría de Vigo A Guarda e outros 7 proxectos aprobados con importe subvencionado de máis de 841.700 euros corresponden ao GALP 8 Golfo Ártabro Sur.

Exemplos de proxectos aprobados

Entre os proxectos que contan con axuda ao abeiro da primeira convocatoria de 2017 está o denominado *Marisco do Mar á Mesa: depuración e punto de venda*, do GALP Mariña-Ortegal e promovido pola confraría de pescadores de Cedeira co obxectivo de dotar o territorio dunha infraestrutura pioneira que permita coa depuración, etiquetaxe e venda directa dos moluscos bivalvos da zona, incrementar o seu valor engadido. Outro proxecto deste grupo é o de *Innovacións tecnolóxicas e melloras no sistema de distribución na pesca artesanal*, promovido por un pescador para mellorar a conservación dos produtos pesqueiros procedentes da pesca artesanal.

A reciclaxe das redes e residuos do mar é obxecto do obradoiro de sensibilización medioambiental da Costa da Morte, unha iniciativa do GALP da Costa da Morte aprobada ao abeiro desta convocatoria e promovida pola Asociación de Redeiras Artesás Illa da Estrela. Deste grupo tamén é o proxecto da planta de produción de aceite de microalgas promovido por unha compañía e que ten como obxectivo a posta en funcionamento dunha empresa para a obtención de concentrado vexetal mariño con alto contido en Omega 3 a partir de microalgas, baseándose no emprego dunha tecnoloxía innovadora e cun impacto medioambientalmente máis sustentable que as alternativas actuais.

O GALP seo de Fisterra ría de Muros-Noia ten un proxecto promovido polas confrarías de Muros e Noia, que ten como obxectivo desenvolver un protocolo para a mellora da gobernanza e da xestión das zonas de libre marisqueo buscando o equilibrio entre a capacidade marisqueira e os recursos dispoñibles. Deste grupo tamén é o proxecto da posta en marcha dun centro de observación e interpretación ornitolóxico da Costa da Morte e un campamento turístico en Carnota, promovido por un autónomo.

Por outra banda, o GALP da ría de Pontevedra conta cun proxecto que consiste na creación dun centro de procesamento de produtos do mar: crustáceos, moluscos e peixes, facendo especial mención ao cangrexo real. Estes produtos serán elaborados e ofertados ao consumidor en formas moi variadas patés, croquetas, semiconservas, hamburguesas, e lasaña, entre outras.

Ademais o GALP Golfo Ártabro Sur ten un proxecto de promoción de consumo de peixe e marisco de proximidade promovido pola asociación de minoristas do porto da Coruña coa colaboración da asociación de maioristas. Esta iniciativa busca promover un consumo responsable e de base local apostando por un modelo innovador e traballando, ao mesmo tempo, polo recoñecemento social, a igualdade e empoderamento do sector pesqueiro.